

## ANALIZANDO A DESIGUALDADE GLOBAL: A EVOLUCIÓN DAS DESIGUALDADES INTERNAS E ENTRE PAÍSES NO CONTEXTO DA GLOBALIZACIÓN

ALEIXO VILAS CASTRO  
Universidade de Santiago de Compostela

*Recibido:* 1 de agosto de 2005

*Aceptado:* 21 de abril de 2006

---

**Resumo:** O presente artigo ten como obxectivo afondar no debate actual sobre a evolución das desigualdades de renda no contexto da globalización económica. Partidarios e detractores deste proceso afirman, respectivamente, que as desigualdades se teñen reducido ou incrementado neste período, recorrendo tanto os uns coma os outros a distintas interpretacións de diferentes fontes bibliográficas. Neste traballo farémonos eco dos estudos que analizan os diferentes niveis de desigualdade, e comprobaremos como existe un amplo consenso no que se refire á tendencia ao incremento da desigualdade interna dos países. A continuación, observaremos como os resultados dos estudos das desigualdades entre os países e da desigualdade global difiren segundo a metodoloxía empregada para realizar a comparación entre as diferentes moedas (tipos de cambio ou paridades de poder adquisitivo), o período seleccionado, a mostra de países seleccionada, as diferentes fontes estatísticas, etc.

**Palabras clave:** Desigualdades de renda (internas, entre países e globais) / Paridades de poder adquisitivo / Globalización / Índice de Gini.

### ANALYSING GLOBAL INEQUALITY: TRENDS IN INEQUALITIES WITHIN AND BETWEEN COUNTRIES IN THE GLOBALIZATION AGE

**Abstract:** The aim of this paper is to review in depth the present literature about income inequalities in the context of economic globalization. The tendency of income inequalities either to increase or decrease seems to be biased by the ideological viewpoint of the authors since a number of studies point to different directions. In this study we will review several studies that analyse different dimensions of inequality (within countries, among countries and global). Regarding inequalities within countries a majority of studies point to an increasing trend in recent years. Nevertheless when dealing with both inequalities among countries and global inequalities the results differ according to the methodology used in order to compare currencies (either exchange rates or purchasing power parities), as well as to other specifications like the period of time, the sample of countries or the statistical source.

**Keywords:** (Within, between countries and global) Income inequality / Purchasing power parity / Globalization / Gini index.

---

## 1. INTRODUCCIÓN

Na sociedade existen actualmente numerosas categorías de desigualdade, por citar algúns exemplos esta pode ser de ingresos, de acceso á educación e á saúde, no benestar, nos servizos públicos, debidas á orixe étnica, etc., e, xa que logo, existen tamén diferentes xeitos de medirla e de cuantificala. Neste artigo imos fixarnos na evolución das desigualdades de renda, centrándonos temporalmente na fase actual do capitalismo, coñecida como o período de globalización económica. Este novo contexto ten como características principais a liberalización das economías nacio-

nais e a maior integración e apertura dos mercados no ámbito internacional, sendo un proceso que se desenvolve baixo o enfoque teórico do pensamento neoliberal, posto que domina a política pública internacional nas últimas dúas décadas. Esta escola mantén que a medida que avanza o proceso de globalización e, polo tanto, as economías nacionais se volven máis interconectadas debido á redución das barreiras ao comercio entre países e á liberalización dos movementos de capital, a distribución do ingreso tenderá a converterse en máis igualitaria. Baixo esta argumentación aseguran que a distribución do ingreso nos últimos vinte e cinco anos se está a volver máis igualitaria.

Porén, existen tamén postulados críticos co neoliberalismo e co actual proceso de globalización e integración económica que consideran que ese proceso está a xerar grandes desigualdades, podendo identificarse claramente gañadores e perdedores na globalización. Argumentan, ademais, que se producen relacións de subordinación e de dependencia entre os países –ás que o neoliberalismo lles chama eufemisticamente “relacións de interdependencia”–, sendo tamén moi críticos coas institucións económicas internacionais e en especial co papel de organismos coma o Fondo Monetario Internacional (FMI) e a Organización Mundial do Comercio (OMC).

Atopámonos, xa que logo, con dúas visións teóricas antitéticas respecto do papel que desenvolve o proceso de integración económica no ámbito mundial sobre a desigualdade económica e que, á vez, tamén reflicten visións contrapostas sobre a evolución das ditas desigualdades nas últimas décadas.

O obxectivo deste artigo será, precisamente, discutir se as desigualdades na distribución da renda no ámbito mundial se teñen reducido ou non na actual etapa de globalización (desde o ano 1980 ata a actualidade). Para iso recorreremos a unha revisión polo miúdo da literatura existente e analizaremos diferentes estudos empíricos que se teñen realizado e que son referenciais para afondar nun debate como o que aquí propoñemos. Temos que ter en conta que estes estudos analizan a problemática da desigualdade en diferentes niveis:

- Mediante análises que comparan o nivel de desigualdade entre os países e que comparan os ingresos medios de cada país, polo que non teñen en conta as diferenzas na distribución que poidan existir dentro del.
- Outros estudos céntranse na evolución das desigualdades na distribución da renda en cada país, facendo referencia á dispersión de rendas individuais dentro dun territorio nacional. Trataremos de atopar, no ámbito mundial, patróns comúns de comportamento entre os diferentes países.
- Unha terceira tipoloxía é o resultado de combinar as dúas anteriores. Mide as desigualdades mundiais de renda analizando a poboación mundial como pertencente a un só país, a unha mesma distribución. Son os chamados análises de desigualdade global.

Dedicaremos un apartado a cada un destes niveis, onde recolleremos os resultados máis relevantes, daremos conta dos acordos e das discrepancias existentes, veremos cales son os principais problemas metodolóxicos, etcétera, coa finalidade de enfocar o punto exacto onde se atopa o debate en cada un dos diferentes niveis de análise para obter unha nítida fotografía das tendencias globais da desigualdade, e así comprobar a que corrente de pensamento se aproximan máis os resultados empíricos ou, dito doutro xeito, para ver a cal das dúas hipóteses iniciais se achega a evolución das desigualdades. Será esa a finalidade do último apartado no que, alén de resumir as principais achegas empíricas, extraeremos unhas conclusións globais tendo en conta, por unha banda, os aspectos nos que existe un maior consenso e, por outra, as diverxencias tanto metodolóxicas coma nos resultados obtidos, para así clarificar as tendencias da desigualdade no actual contexto político e económico da globalización.

## **2. DESIGUALDADE ENTRE PAÍSES**

### **2.1. DIFERENTES ELECCIÓNS**

Cando queremos cuantificar as desigualdades entre os diferentes países atopámonos con que á hora de realizar un estudo haberá que facer distintas eleccións, e entre elas teremos que optar por diferentes medidas de ingreso, por alternativas ponderacións de países (cada país ponderado pola súa poboación ou como unha unidade), por diferentes medidas de distribución (o índice Gini ou outro índice, as ratios de distribución das zonas máis ricas e máis pobres, ou o ingreso medio dun grupo de países...), ou por distintas fontes de datos dos ingresos (os ingresos na contabilidade nacional ou as enquisas de fogares). Para solucionar o problema da comparabilidade dos datos que nos atopamos á hora de medir diferenzas de renda entre países, podemos elixir entre o uso dos tipos de cambio ou as paridades de poder adquisitivo (PPA), e tamén podemos escoller entre diferentes mostras de países e de períodos de tempo. A combinación das distintas eleccións posibles provoca unha ampla heteroxeneidade de estudos e, xa que logo, tamén de resultados, polo que a continuación trataremos de sistematizar e de agrupar a tipoloxía do estudo e os resultados obtidos. Cómpre ter en conta que a elección das distintas variables non é neutral, como ben se deduce lendo a De la Dehesa (2003), un autor que afirma que a globalización é unha forza redutora das desigualdades. El defende como metodoloxía máis correcta para a análise aquela que utiliza as PPA e pondera cada país pola súa poboación que, como veremos a continuación, é a única metodoloxía coa que se obtén unha redución das desigualdades.

### **2.2. OS ESTUDOS EN PPA PONDERANDO CADA PAÍS POLA SÚA POBOACIÓN**

A tipoloxía máis común de estudos é a que emprega as PPA para comparar a renda media entre os diferentes países, e que pondera cada país pola súa poboación.

Existen varios estudos que, con diferentes mostras de países, están referidos ao ámbito temporal que estamos a analizar, e todos deben recorrer a algunha fonte estatística que proporcione os datos de calidade de renda en PPA para un número suficiente de países tal que permita estudar a desigualdade entre eles. Sutcliffe (2003) dinos que na práctica estas fontes son tres: a primeira das fontes é a realizada por Angus Maddison –que traballa para a OCDE– e cuxa última serie é a *Maddison 2001*, que presenta as seguintes diferenzas con respecto á anterior –a *Maddison 1995*, tamén usada nestes estudos–: inclúe máis países (en especial países moi pobres antes omitidos), as estimacións para algúns países cambiaron algo e, en especial, as estimacións para tres países –o Xapón, a India, e o máis importante, a China– volvéronse a facer máis polo miúdo. A segunda das fontes é a que nos proporcionan as *Táboas Penn World* –a última versión é a número seis (PWT 6.1)– realizadas por Heston e Summers. A terceira fonte provén do Banco Mundial e son os chamados *World Development Indicators (WDI)*. Cómpre sinalar que estas tres estimacións utilizan os datos de prezos realizados polo *World Comparisons Project*.

Unha vez explicadas as fontes de datos, centrámonos no exame dos principais estudos. Un traballo precursor foi o de Boltho e Toniolo (1999), que calcularon o índice de Gini a partir dos datos de *Maddison 1995* e que concluíron que, a pesar de que a desigualdade crecera no século XX, utilizando os mesmos datos caeu claramente desde o ano 1980. Así, o Gini caeu desde o 0,544 ao 0,496 no ano 1998.

De todos os xeitos, fixéronse dúas observacións a esta conclusión (Sutcliffe, 2003, p. 17). A primeira é que o efecto da China, debido ao forte crecemento experimentado neste período e ao enorme peso demográfico, é moi grande: se é excluída dos cálculos o Gini cambia a tendencia, posto que aumenta un pouco (de 0,555 a 0,561). E a segunda é que aínda hai varios países que non figuran no estudo debido á falta de datos para comparar; unha parte destes países son moi pobres e empobrecéronse máis neste período, polo que unha completa contabilización reduciría a caída do Gini.

Na táboa 1 ofrecemos de xeito sintético os resultados obtidos por diferentes estudos, como o xa comentado de Boltho e Toniolo. Vemos que todos están realizados coas fontes de datos comentadas anteriormente e, ademais, que a maioría reforzan a tese de que as desigualdades se reduciron neste período. A excepción son algúns resultados de Sutcliffe, posto que este autor, usando a serie *Maddison 2001*, atopa un crecemento do Gini entre os anos 1980 e 1990 e, a pesar de que desde o ano 1990 ao ano 1998 o Gini se reduciu un pouco, o resultado global é de incremento das desigualdades no período 1980-1998. Se nos cálculos omitimos a China, tal e como fai Sutcliffe tanto para a fonte de datos *WDI 02* como para a serie *Maddison 2001*, observamos que o Gini na serie *WDI 02* nos indica un incremento das desigualdades para o total do período, resultado contrario ao que se obtiña para esa serie contando coa China. O efecto da omisión do país asiático nos datos de *Maddison 2001* é a de reforzar o incremento das desigualdades que xa se observaba na serie completa.

**Táboa 1.-** Coeficientes de Gini para a desigualdade entre países

AUTOR (fonte de datos de renda)	1980	1990	1998
Summers e Heston (PWT 5.6)	0,552	0,547	-
Boltho e Toniolo (Maddison 95)	0,544	0,526	0,496
Firebaugh (PWT 5.6)	0,550	0,543 (1989)	-
Sutcliffe (WDI 02)	0,610	0,584	0,538
Sutcliffe, omitindo a China (WDI 02)	0,555	0,562	0,561
Melchior e Telle (PWT 5.6)	0,570	0,560	0,520
Sutcliffe (PWT 6)	0,581	0,564	0,519
Sutcliffe (Maddison 01)	0,555	0,569	0,564
Sutcliffe, omitindo a China (Maddison 01)	0,532	0,568	0,582

FONTES: Elaboración propia a partir de Sutcliffe (2003) e de Boltho e Toniolo (1999).

### 2.3. A IMPORTANCIA DA INCLUSIÓN DA CHINA

A importancia de incluír ou non A China na contabilización é crucial debido ao rápido crecemento que ten experimentado nos últimos anos e ao seu gran peso demográfico. Así, como vimos anteriormente, hai estudos que acadan resultados diferentes con respecto ao aumento ou á redución das desigualdades entre os países dependendo da inclusión ou non da China.

Sutcliffe (2003) cita dúas razóns polas que pode ser interesante omitir a China: a primeira fai referencia a que este país ten unha desproporcionada influencia nas cifras mundiais e da cal é interesante abstraerse, mentres que a segunda se refire á considerable controversia sobre a corrección das series do PIB chinés para os anos posteriores á reforma. Os resultados suxiren que o movemento do ingreso nacional chinés, tal e como se estima, ten o efecto de reducir as desigualdades entre países, como indica o Gini.

### 2.4. OUTRAS METODOLOXÍAS

Outro xeito de tratar a desigualdade entre países é o que propón Wade (2004a): en vez de ponderar cada país pola súa poboación, dálle igual peso a cada país (por exemplo, China=Luxemburgo). O resultado que obtén é que a desigualdade entre países medida en PPA creceu, como mínimo, desde o ano 1980 utilizando o PIB per cápita e un coeficiente como o Gini para o total da distribución.

Wade (2004a, p. 576) explica as vantaxes que ten esta formulación: “*Non debemos ponderar por igual todos os países se estamos interesados simplemente no benestar relativo, pero podemos ponderalos igual se queremos tratar cada país como unha unidade de observación, se estamos interesados nas teorías do crecemento e nos impactos das políticas públicas no crecemento. Podemos, por exemplo, ordenar os países pola apertura do seu comercio, e ver se os países cunha maior apertura obteñen mellores resultados*”.

O autor obtén a mesma tendencia de desigualdade usando outra medida diferente de desigualdade: a dispersión do PIB per cápita entre os países do mundo. A dispersión medrou no período 1950-1998 e de xeito especialmente rápido nos anos noventa. Ademais, a dispersión das ratios de crecemento do PIB per cápita tamén creceu, o que suxire unha variación máis grande nos resultados de cada país en cada nivel de renda.

Outro xeito de achegármonos ao debate sobre a tendencia da desigualdade nestas últimas décadas consiste en utilizar os tipos de cambio no canto das PPA. O resultado que obtemos seguindo esta metodoloxía é que a distribución se volveu rapidamente máis desigual. Este é un resultado que non crea controversias, que ningún discute; porén, o debate céntrase na utilidade que poida ter o uso dos tipos de cambio para facer comparacións sobre a desigualdade mundial. Así, unha gran parte dos economistas afirman que estas comparacións son irrelevantes posto que, se empregamos a metodoloxía dos tipos de cambio de mercado, estes non reflicten adecuadamente a capacidade adquisitiva. Así, cando unha persoa vai a outro país e cambia a súa moeda, o resultado será que a súa capacidade de compra nese país se verá incrementada ou reducida. Polo tanto, a maioría dos economistas afirman que a conversión en tipos de cambio de mercado producirá falsas comparacións. A solución habitual é o uso das PPA, que é un cálculo baseado nos prezos dunha cesta de produtos nos diferentes países, para observar cal é a equivalencia dunha moeda convertida a outra de xeito que se manteña constante a capacidade adquisitiva dunha determinada renda.

Unha característica das PPA é que aumentan substancialmente o ingreso relativo dos países pobres. Deste xeito, o axuste das PPA fai que a distribución mundial pareza máis igualitaria cá distribución do ingreso en tipos de cambio. Dito doutro xeito, sucede que os países onde os tipos de cambio subestiman a capacidade de compra adoitan ser os máis pobres, e onde os tipos de cambio a sobreestiman acostuman a ser os máis ricos. Isto significa que, cando facemos cálculos e comparacións utilizando as PPA, as diferenzas entre pobres e ricos tenden a ser menores, diferenzas que tamén serán menores nos cálculos sobre desigualdade, como podemos ver na táboa 2.

**Táboa 2.-** Desigualdade entre países con PPA e con tipos de cambio

MEDIDA (ano 2000)	PPA	TIPOS DE CAMBIO
Gini entre países (163 países)	0,543	0,753
Entre países: 5% / 5% (as colas)	47,95	175,31
Entre países: 20% / 20%	15,99	67,03
Entre países: 50% / 50%	5,38	20,09

FONTE: Banco Mundial: *World Development Indicators 2002* (online version).

Como podemos observar, as medidas de desigualdade son moito maiores para os datos expresados en tipos de cambio. Pero, ademais, se comparamos o Gini en-

tre países do ano 2000 co do ano 1980 vemos que nese ano é de 0,613 para as PPA, polo que caeron as desigualdades nestas últimas dúas décadas segundo esta metodoloxía, mentres que o Gini do ano 1980 utilizando tipos de cambio era de 0,705, o que indicaría que as desigualdades aumentaron.

Wade (2004a) enumera os tipos de análise onde se debería empregar de xeito preferente unha ou outra metodoloxía: o axuste PPA é preferido, en principio, cando un está interesado na capacidade de consumo doméstica ou, en xeral, en materia de benestar. Porén, para outro tipo de análises debemos estar interesados no ingreso non só coma unha medida do benestar senón tamén no ingreso coma un instrumento para o poder de compra dos residentes de diferentes países sobre os bens e servizos doutros países. Se estamos interesados nalgunha das cuestións sobre o impacto económico e xeopolítico dun país ou dunha rexión no resto do mundo, incluído o custo dos países en desenvolvemento de devolver as súas débedas, importantes bens de capital e participación nas organizacións internacionais, debemos usar os tipos de cambio de mercado.

Polo tanto, podemos concluír que as PPA son relevantes se estamos a comparar o lado da demanda da economía, é dicir, a capacidade de consumo das persoas nunha determinada localización. Porén, as PPA perden toda a relevancia desde o lado da oferta á hora de realizar comparacións, por exemplo, das capacidades produtivas dun país, posto que cómpre ter en conta que unha gran parte das empresas operan nunha escala internacional e que realizan os seus trocos de moeda en función dos tipos de cambio de mercado.

## **2.5. A EVOLUCIÓN DOS PAÍSES SEGUNDO A SÚA INSERCIÓN NO COMERCIO MUNDIAL**

Se queremos observar como inflúe o novo contexto de liberalización económica e financeira na evolución das desigualdades entre os países, podemos facelo mediante o exercicio de diferenciar países globalizados e non globalizados, e observar a tendencia do crecemento en cada un deles tendo en conta que, obviamente, se en dous países co mesmo nivel de renda media un país crece a maior ritmo ca outro, a desigualdade entre eles aumenta.

Este exercicio é o que fixeron Dollar e Kraay (2000), que intentan amosar que as políticas da globalización foron acompañadas da redución da pobreza e das desigualdades de renda. Estes autores fan a distinción entre países globalizados e non globalizados, e identifican as nacións globalizadas en función de dúas variables: o incremento do comercio con respecto da ratio do PIB, e a redución de barreiras arancelarias. Conclúen que os globalizados adiantan aos non globalizados en termos das ratios de crecemento do PIB. Téñense citado varios problemas na metodoloxía empregada, como a tendencia na selección da mostra de países de cada variable e as medidas de apertura usadas; porén, o estudo ten outros inconvenientes maiores, tal e como apunta Rodrik (2000):

- A inclusión da China e da India como globalizados resulta problemática, pois ambos os dous países son coñecidos polo seu receo á hora de adoptar as novas políticas prescritas polo FMI, polo Banco Mundial e pola OMC. Do outro lado, moitos dos non globalizados en América Latina e en África amosan destacadas aperturas do comercio e as políticas de axuste estrutural prescritas polo FMI e polo Banco Mundial.
- Ao ter a India e a China un terzo da poboación total mundial e ao ter ambas as dúas unhas altas ratios de crecemento do PIB nas últimas décadas, prodúcese unha tendencia cara arriba de crecemento das chamadas nacións globalizadas.

En similar dirección apunta un coñecido estudo do Banco Mundial, titulado *Globalización, crecemento e pobreza*, do que se fan eco varios autores. Este estudo distingue países entre “recentemente globalizados”, “máis globalizados” e “non globalizados” e nel mídese o grao de globalización mediante os cambios no rateo “comercio sobre PIB” entre os anos 1977 e 1997. O resultado é que os máis globalizados teñen un crecemento económico máis rápido e redución da pobreza e, á vez, non aumentaron as desigualdades; polo tanto, conclúese que a globalización é claramente unha forza redutora da pobreza.

Hai que poñer en dúbida esta conclusión posto que, segundo Wade, existen diferentes problemas:

- Usando o cambio no rateo comercio/PIB distorsiónanse os resultados posto que nos globalizados se inclúe a China e a India. Con ese rateo é posible que os países “máis globalizados” estean menos abertos ca os “menos globalizados” tanto en termos de comercio sobre o PIB coma en termos da magnitude das barreiras arancelarias e non arancelarias.
- Non se fai distinción entre cantidade de comercio e política comercial.
- O estudo asume que un rápido crecemento no comercio é a principal causa dun bo resultado económico. Non considera que outras variables relacionadas co crecemento do comercio poden ser causas importantes do crecemento económico como, por exemplo, a calidade do Goberno. Así, se volvemos examinar o estudo do Banco Mundial, observamos que os países máis globalizados teñen de feito unha maior calidade nos indicadores sobre os gobernos ca os non globalizados. Finalmente, o comercio non recolle importantes tipos de apertura, como os fluxos de persoas. Certamente, algúns países como a China téñense beneficiado da súa maior participación no comercio e nos investimentos internacionais nas últimas unha ou dúas décadas, pero isto non quere dicir que a melloría dos seus resultados sexa debida á unha maior integración internacional.

### 3. DESIGUALDADES INTERNAS NA DISTRIBUCIÓN DA RENDA NOS PAÍSES

Neste apartado examinaremos cal é a evolución das desigualdades internas de renda dentro dos países, é dicir, atenderemos á dispersión na distribución da súa

renda. Polo tanto, non comparamos os países entre si senón que, a partir das evolucións individuais, intentaremos observar se existen tendencias xeneralizables nun nivel global.

### **3.1. CONTEXTUALIZACIÓN HISTÓRICA**

Centrándonos nos países occidentais, as sociedades que se configuraron despois da Segunda Guerra Mundial sufriron fortes transformacións nun contexto de acusado crecemento dos niveis de produtividade, de renda e de consumo, o que beneficiou á maioría da sociedade en maior ou en menor medida. Deste xeito, foise creando unha importante clase media cuns niveis similares de benestar. Un factor moi importante foi o desenvolvemento do estado do benestar, que ten unha importancia decisiva neste proceso a través de diferentes tipos de políticas públicas, desde a regulación económica ata a redistribución da renda, e cun amplo abano de prestacións sociais. O resultado foi que os estudos detectaron unha redución da desigualdade na distribución da renda na maioría dos países dos que se tiñan datos.

Nos anos oitenta é cando comezan a producirse cambios no mercado de traballo que levan a unha maior desigualdade salarial e, ademais, cando se produce un proceso de reformas no estado do benestar dos diversos países que tende a reducir o papel do Estado na economía. Ademais, acelérase o proceso de liberalización comercial e financeira. Neste contexto é unha opinión case unánime, como comprobaremos deseguido, que a distribución da renda na maioría dos países tendeu durante os anos oitenta e noventa cara a unha maior desigualdade, aínda que con diversos matices, que afecta á intensidade do proceso, aos países nos que se produciu o fenómeno, etcétera.

### **3.2. OS PRINCIPAIS RESULTADOS EMPÍRICOS**

Son varios os autores que se teñen centrado na análise da evolución da distribución interna da renda nos países neste período, ligando os resultados aos efectos da globalización, como é o caso de Lindert e Williamson (2001) que, no seu artigo “Does Globalization Make the World More Unequal?”, obteñen como resultado que a desigualdade interna dos países ten aumentado, aínda que os autores afirman que non é debido aos efectos da globalización económica senón a factores coma o forte desenvolvemento tecnolóxico, ao feito de que o crecemento se distribúa de xeito desigual entre as diferentes rexións ou ao colapso do comunismo.

Smmeding (2002) analiza as desigualdades internas do G-20 e, despois de estudar os datos do LIS completados con outros traballos, obtén resultados similares posto que na maioría dos casos os niveis de desigualdade son máis altos na segunda metade dos anos noventa ca a principios dos anos oitenta. O feito de que existan países nos que apenas se incrementou a desigualdade, xunto con outros que experimentaron unha minoración desta, significa para o autor que as causas do incre-

mento da desigualdade son moitas. Entre estas causas cómpre citar as diferenzas en políticas sociais, nas institucións sociais e do traballo, na distribución do salario, na demografía, etc. Porén, Smmeding non atopa evidencias de que as culpables sexan a apertura comercial e a globalización.

Sala i Martín (2002), nun artigo da Universidade de Columbia, mide as desigualdades tanto dentro como entre países. Atopa que as desigualdades dentro dos países creceron nas últimas dúas décadas nun nivel global; porén, afirma que isto é debido principalmente ás diferenzas internas de renda na China e na India, que xa representan o 40% da poboación mundial, así como ás desigualdades que se produciron nos países do leste europeo tras a caída do comunismo.

Cornia e Court (2001) realizan un estudo –posiblemente o máis completo– sobre as desigualdades internas nos países nas últimas décadas, utilizando os datos da *World Income Inequality Database (WIID)*. Estes autores atopan que a desigualdade creceu en 48 dos 73 países nos que se obtiveron datos de alta calidade e que eses 48 países son o 59% da poboación e representan o 78% do total do PIB en PPA dos países da mostra. Forman parte deste grupo países como os EUA, o Reino Unido, a propia España, a Arxentina, a China ou a case totalidade dos países do antigo bloque soviético, por poñer algúns exemplos. Hai 16 países onde non se aprecian cambios na desigualdade, coma nos casos de Alemaña, do Brasil, da India ou de Indonesia. Entre os 9 países nos que se atopa unha redución da desigualdade, atopamos Francia, Noruega ou Corea do Sur, que representan o 5% da poboación e o 9% do PIB en PPA dos países da mostra, tal e como podemos observar na táboa 3.

**Táboa 3.-** Tendencia na distribución do ingreso (en coeficientes de Gini) desde a década de 1950 á de 1990, para 73 países desenvolvidos, en desenvolvemento ou en transición

	MOSTRA DE PAÍSES EN CADA GRUPO	% DE POBOACIÓN SOBRE A MOSTRA DE PAÍSES	% SOBRE A POBOACIÓN MUNDIAL	% DE PIB EN PPA SOBRE A MOSTRA DE PAÍSES	% SOBRE O TOTAL DO PIB EN PPA
Aumentan a desigualdade	48	59	47	78	71
Dos cales, amosan forma de U	29	55	44	73	66
Cae a desigualdade	9	5	4	9	8
Sen tendencia	16	36	29	13	12
Non incluído na mostra	...	...	20	...	9
Total	73	100	100	100	100

FONTE: Cornia e Court (2001).

Nun ámbito rexional vemos que a desigualdade creceu fortemente no antigo bloque soviético, onde a pobreza pasou de afectar a 14 millóns de persoas no ano 1989 a 147 millóns no ano 1996. Tamén aumentou a desigualdade na maioría da América Latina e nunha parte de África. Na China produciuse un forte incremento da desigualdade, mentres que outros países do sur e do leste asiático medraron mantendo a equidade. Na India a desigualdade aumentou recentemente, acompaña-

da dun forte crecemento. Por outra banda, na maioría de países da OCDE tamén se observan fortes incrementos da desigualdade, con excepcións como a de Francia, que reduciu a súa dispersión de renda.

Polo tanto, neste estudo observamos que se producen tendencias adversas na distribución do ingreso non só para as economías máis pobres, como en América Latina, senón tamén para economías que experimentaron un considerable crecemento despois da liberalización, como é o caso da China.

Como acabamos de ver, no ámbito rexional dáse a tendencia xeral de incremento da desigualdade, aínda que existen matices como os reflectidos nun estudo de Moran (2004), que parte dunha mostra de 17 países desenvolvidos do norte. Este autor observa que existen tres patróns de comportamento da tendencia da desigualdade desde o ano 1980 ata o ano 2000:

- O patrón continental, que se caracteriza por un pequeno cambio distribucional e por cambios relativamente moderados da desigualdade e que permanece constante, coma nos casos de Francia ou de Alemaña, ou que nalgúns casos cae.
- O patrón anglosaxón: a comezos dos anos oitenta os países que seguen este patrón tiñan os mesmos niveis de desigualdade ca os países continentais, pero a partir desas datas comeza a aumentar a desigualdade, polo que estes países diverxen dos continentais. Exemplos desta tendencia serían o Reino Unido e os Estados Unidos.
- O patrón escandinavo, que se caracteriza polos baixos niveis de desigualdade ao comezo do período e que creceron durante os anos oitenta e noventa, o que supón unha converxencia cara aos niveis de desigualdade continentais. Malia o incremento, estes países rexistran uns niveis de desigualdade dos máis baixos do mundo. Pertencen a este patrón países como Suecia, Noruega ou Finlandia.

### 3.3. FONTES QUE COMPOÑEN A DISTRIBUCIÓN DA RENDA

O nivel de desigualdade na renda dispoñible é o resultado da evolución das distintas fontes de renda, entre as que citamos a renda salarial, as rendas de capital, os subsidios, o traballo por conta propia... Polo tanto, o aumento da desigualdade pode deberse a diversas causas, como o aumento na dispersión dalgunha das variables, a acumulación de perceptores de renda nalgúns fogares ou unha correlación positiva entre as distintas fontes de renda nos fogares.

Entre os factores que *a priori* poderían xerar desigualdade, atopamos os seguintes:

- Factores de carácter económico, como poden ser os cambios na oferta ou na demanda nos distintos mercados ou un cambio na actuación do sector público.
- Cambios en pautas sociais ou demográficas que modifiquen o peso de distintas clases sociais ou dos grupos de idade.

Cando intentamos explicar as causas da desigualdade, atopámonos co problema de que existen fortes interaccións entre os factores explicativos. Varios estudos realizan unha descomposición dos factores que xeran desigualdade, intentando cuantificar a proporción de desigualdade que é explicada por cada un deles.

Os estudos empíricos sinalan a fonte de renda salarial procedente do mercado de traballo como o factor principal no aumento das desigualdades na maioría dos casos. Isto non é estraño se temos en conta que do mercado laboral provén a principal fonte de renda. Así, nun estudo de Gottschalk e Smedding recollido en Gradín e Del Río (2001) sinálase que para o caso dos EUA non só se trataba de que os salarios altos crecesen a un ritmo máis alto ca os baixos, como sucedeu nos outros países, senón que os salarios máis baixos caeron en termos absolutos. Estes autores sinalan que deste aumento da disparidade só quedaron exentos, entre os países occidentais, Alemaña e Italia. Constatouse que na maioría dos países os incrementos da desigualdade na renda dos fogares foron menores ca os aumentos na desigualdade salarial. Tamén hai factores institucionais que interveñen no mercado de traballo, coma o grao de sindicalización, a existencia dun salario mínimo ou o grao de centralización á hora de fixar os salarios.

De todos os xeitos, non parece que sexa a renda procedente do mercado de traballo a única fonte responsable do aumento das desigualdades na distribución, senón que tamén podemos citar o incremento nas taxas de retorno do capital ou os cambios que se deron na redistribución da renda e nos sistemas fiscais que avanzaron cara a modelos máis regresivos.

#### **3.4. CAUSAS DO INCREMENTO DAS DESIGUALDADES INTERNAS NA DISTRIBUCIÓN DA RENDA**

O debate sobre as causas que están a xerar o incremento das desigualdades internas céntrase en facer culpable ou non ao conxunto de políticas e medidas que acompañan o proceso de globalización, tales como a liberalización comercial, os programas de axuste estrutural...

Entre os autores que responsabilizan ao actual proceso atopamos a Cornia e Court (2001), quen distinguen entre causas tradicionais e novas causas que xeran desigualdade. Entre as primeiras están a concentración da terra, a tendencia urbana, a crecente influencia do sector dos recursos minerais ou a desigualdade na educación. Entre as novas causas atopamos o cambio tecnolóxico, a liberalización comercial e financeira, os programas de estabilización e axuste nos países en desenvolvemento, a privatización e distribución dos activos industriais, os cambios nas institucións do mercado de traballo e o sistema estatal impositivo e de transferencias ligado ao desmantelamento do estado do benestar. Estes autores afirman que as causas tradicionais non parecen ser as causantes do empeoramento da situación que se deu nas últimas décadas senón que é responsabilidade destas novas causas *“ligadas ás políticas excesivamente liberais e ao xeito en que as políticas de reformas*

*económicas se teñen levado a cabo*". Este estudo conclúe que hai que intensificar os esforzos para reformar a corrente política neoliberal dominante, posto que esas políticas conduciron a un comparativamente feble resultado no crecemento e foron unha das causas clave da expansión da desigualdade entre países nas últimas dúas décadas.

No sentido oposto están Lindert e Williamson (2001), que apuntan que, en especial para os países recentemente industrializados e abertos ao comercio, o aumento da desigualdade nos países non se produce entre as persoas e fogares nunha rexión senón entre as rexións máis abertas e inseridas no mercado mundial e aquelas menos prósperas que non participan no proceso da globalización.

De la Dehesa (2003) achéganos argumentos similares, tales como o colapso do comunismo e a transición á democracia nos países da Europa do leste, as tendencias demográficas nos países africanos ou o desenvolvemento desigual da educación.

Como sinalamos anteriormente, Smmeding (2002) tamén exculpa a política comercial e a globalización do incremento das desigualdades nos países ricos do G-20.

Pero sen dúbida, unha das explicacións máis novas é a de Bergesen e Bata (2002), que reflexionan sobre a pouco estudada relación entre a desigualdade interna dos países e a global, e aventuran a existencia dun sistema de clases mundial como causante da relación. Estes autores afirman que as ditas desigualdades están relacionadas e, concretamente, as forzas de desigualdade globais afectan ás nacionais: "*tamén asumimos que as dinámicas globais sentan un precedente sobre as sociais, o que significa que cambios no sistema global de estratificación debe ter efectos importantes sobre os sistemas sociais*" (Bergesen e Bata, 2002, pp. 140-141).

#### 4. A DESIGUALDADE GLOBAL

Combinando os conceptos de desigualdade dentro e entre os países obtemos a chamada "desigualdade global", que fai referencia ás desigualdades no mundo, e que calcula as disparidades entre individuos como se pertencesen ao mesmo país, calculando, xa que logo, as desigualdades na distribución mundial da renda. Na comparación das desigualdades entre países óllase cada país coma unha única unidade económica, posto que se traballa coa súa renda media, e así, por exemplo, asúmese que os 1.200 millóns de habitantes da China reciben a mesma renda, cando a realidade é que na maioría dos países existen grandes desigualdades internas. Este problema resólvese co estudo das desigualdades globais, posto que nelas se ten en conta tamén a distribución interna de cada país.

Para visualizarmos mellor as diferenzas nos enfoques sobre a desigualdade que estamos a manexar, atendamos ao seguinte exemplo: supoñamos que en vez de estar a estudar a desigualdade no ámbito mundial estivésemos a facelo no Estado es-

pañol. Así, seguindo a analoxía, a desigualdade entre países sería a desigualdade entre as comunidades autónomas atendendo á súa renda media. As desigualdades internas virían dadas ao observar o comportamento interno da distribución da renda nas 17 comunidades, e os estudos de desigualdade global serían aqueles que estudan a distribución da renda do conxunto do Estado sen atender a que comunidade autónoma pertence un individuo.

#### 4.1. DIFERENTES FONTES DE DATOS DA DISTRIBUCIÓN

Nos últimos anos ten aumentado bastante rápido o número de estimacións para a distribución mundial de renda e, aínda así, existen moi poucas series con datos completos e fiables.

A publicación da serie de datos feita por Deininger e Squire (D/S) para o BM, e da serie *WIDER International Inequality Database (WIID)*, que toma como base a anterior de D/S, supuxeron un incentivo moi importante para os estudos de desigualdade global.

Deininger e Squire fixeron dúas seccións de datos para os anos 1950-1995: unha co total dispoñible e unha versión reducida co que eles consideran as cifras máis relevantes, chamadas de gran calidade ou aceptadas. Pero autores como Atkinson e Brandolini teñen amosado as súas dúbidas sobre a validez dos datos. Estes autores afirman que existen inconsistencias entre os datos de alta calidade de D/S e as fontes de datos da distribución do ingreso nos países da OCDE, e que estas diferenzas son debidas ao uso de diferentes definicións nos datos. Eles incluso conclúen que podería ser un grande erro considerar que as series D/S son aceptables como series continuas. Ademais, se estas inconsistencias se dan en países onde as estatísticas están altamente desenvolvidas, a situación debe ser bastante peor onde non o están.

#### 4.2. METODOLOXÍA E RESULTADOS

Téñense usado dous métodos para valorar o nivel e os cambios na desigualdade global nas últimas décadas. O máis empregado consiste en empezar cos datos de ingreso nacional usados nos cálculos entre países e en aplicar estimacións dispoñibles de distribucións, e así derívase o ingreso per cápita nos grupos da distribución (normalmente *quintiles*, sendo menos frecuente o uso de *decilas* e de *percentilas*). Estas estatísticas, ponderadas polos datos adecuados de poboación, son logo xuntadas para calcular a desigualdade global, polo que lle podemos chamar a este método o das “dúas fases”. Esta é a metodoloxía que empregaron Bourguignon e Morrison para o período de 1910-1992. Eles usan as estimacións de ingreso de Maddison 1995 ponderadas polos datos de distribucións de varias fontes.

Un recente estudo de Sala i Martin aplica o mesmo método a un período de tempo máis curto (1970-1998), usando para o ingreso as estimacións en PWT6.1 e para a distribución os datos base de Deininger-Squire.

Sutcliffe tamén realizou varios cálculos sobre a desigualdade global aplicándolles aos datos da distribución de D/S de alta calidade dúas estimacións diferentes de renda: os datos WDI e os de Maddison 2001. Os cálculos con cada unha das series son feitos con dúas series de países: unha serie de 35 países nos que existe estimación da distribución para os tres anos comparados no estudo “sección pura”, e outra serie con moitos máis países, algúns deles con datos incompletos ou incluso inexistentes, que é a chamada “serie híbrida”.

Na táboa 4 pódense observar os resultados que obteñen todos estes estudos para as datas que estamos a analizar.

**Táboa 4.-** Valores do coeficiente de Gini nos estudos de desigualdade global

AUTORES (fonte, distribución)	1980	1990	2000
Sala i Martin (PWT6, D/S)	0,662	0,657	0,633
Bourguignon e Morrison (Maddison 95, varias)	0,657	0,654(1993)	—
Sutcliffe puro (WDI 2002, D/S)	0,697	0,658	0,619
Sutcliffe puro (Maddison 2001, D/S)	0,661	0,636	0,617(1998)
Sutcliffe híbrido ( WDI 2002, D/S)	0,667	0,650	0,627
Sutcliffe híbrido (Maddison 2001, D/S)	0,638	0,633	0,628(1998)

FONTE: Elaboración propia a partir de Sutcliffe (2003).

Como podemos comprobar, todos os estudos que usan esa metodoloxía e a serie D/S obteñen similares resultados: o Gini caeu ou estabilizouse nestas últimas dúas décadas. En todas as estimacións baseadas en PWT6.1 e en WDI, os datos de renda amosan unha notable caída da desigualdade entre os anos 1980 e 1998-2000. As estimacións de Bourguignon e Morrison baseadas en Maddison 1995 conclúen que se mantivo a desigualdade; as de Sutcliffe baseadas en Maddison 2001 amosan un apreciable descenso no caso da pura e un moi leve descenso no caso da híbrida. Nos cálculos do mesmo autor baseados en WDI tamén é maior o descenso do Gini para a “serie pura”.

Un estudo de Milanovic (2002) usa un segundo método: en vez de aplicar datos da distribución con independencia de onde foron obtidos, como nos estudos anteriores, el basea a súa análise nos datos das enquisas de fogares, as cales amosan á vez a distribución e os datos de renda. Atopa que o coeficiente de Gini global ou mundial, que contabiliza as desigualdades tanto dentro como entre países, medrou no período que vai desde o ano 1988 ata o ano 1993.

Milanovic confirma ese resultado usando tanto o Gini como ratios de polarización, tal e como podemos observar na táboa 5.

**Táboa 5.-** Distribución mundial de renda por fogares

MEDIDA	1988	1993	% DO CAMBIO
Índice Gini	0,628	0,670	+6
Decil máis rico/media	7,28	8,58	+23
Decil máis pobre/media	0,31	0,28	-10

FONTE: Milanovic (2002).

Nesta táboa observamos o forte crecemento do Gini, así como o incremento da polarización da renda entre o *decil* máis rico e o máis pobre.

Milanovic cita tres razóns para este crecemento da desigualdade: a primeira, relativa ao lento crecemento da renda especialmente no rural dos países asiáticos da OCDE; a segunda, a dianteira que tomaron tanto a China coma a India urbana fronte á rural; e a terceira, o afundimento da clase media na Europa do leste.

Este estudo é pioneiro nesa metodoloxía e, ademais, contradí os resultados de redución das desigualdades que se obtiñan empregando a outra metodoloxía. Aínda así, cómpre ser cautelosos con estes resultados, posto que o estudo de Milanovic ten varias limitacións: por unha banda, o estudo cobre un curto espazo de tempo (1988-1993) polo que non nos permite sacar conclusións claras con respecto ao período que estamos a examinar (desde o ano 1980 ata a actualidade); por outra banda, cómpre ter en conta que as datas das enquisas de fogares non sempre corresponden a eses anos senón que ás veces o autor colle datas próximas –os datos para o ano 1988 están baseados en enquisas realizadas entre os anos 1980 e 1991, e os datos para o ano 1993 están baseados en enquisas feitas entre os anos 1990 e 1998–. Esta limitación pode ser paliada en parte se observamos o resultado como a tendencia da desigualdade entre a década dos anos oitenta e a dos anos noventa. Por último, tamén podemos mencionar que os datos de enquisas de fogares presentan problemas de fiabilidade e de comparabilidade.

Para rematar con esta compilación dos resultados máis relevantes das distintas análises e estudos centrados na desigualdade global, recollemos os principais resultados de dous estudos aos que fan referencia, entre outros autores, Sutcliffe (2003, p. 24) ou Wade (2004a, p. 577), e que tamén teñen analizado a desigualdade global cunhas metodoloxías que podemos definir coma un híbrido entre as dúas explicadas anteriormente, posto que conteñen elementos de ambas as dúas.

Un deses estudos é o realizado por Dowrick e Akmal (2003), quen fan unha aproximación da distribución da renda entre a poboación mundial combinando a desigualdade entre países (ponderando a poboación) en PPA e axustada pola media de ingreso e a desigualdade interna, atopando que a desigualdade mundial entre os anos 1980 e 1993 aumentou, se utilizamos as medidas máis comúns de desigualdade sobre o total da distribución.

Outro estudo foi o elaborado por Dikhanov e Ward (2003), quen combinan datos de estudos de fogares nun nivel micro con datos de renda da contabilidade nacional usando a sección de datos WIDER e unha diferente técnica estatística respecto dos anteriores, nun período máis longo de tempo –desde o ano 1970 ao ano 1999–. O resultado que obteñen é que o Gini creceu nese período, pasando de 0,668 a 0,683.

## 5. RESUMO E CONCLUSIÓNS

Antes de elaborar unhas conclusións globais, imos sintetizar os resultados máis salientables de cada nivel de análise das desigualdades. Con respecto aos estudos

de desigualdade entre países, podemos observar que existe disparidade de resultados debido en gran parte ás diferentes metodoloxías e ás mostras de países utilizadas. Estes son os resultados máis relevantes:

- A desigualdade entre países medida en PPA permaneceu constante ou caeu desde o ano 1980, ponderando aos países pola súa poboación. Este é o resultado co cal o neoliberalismo, tal e como sinala Vence (2005, p. 65), tenta lexitimar as actuais políticas implementadas no contexto da globalización polos gobernos e polos organismos internacionais como o FMI, a OMC ou o BM. Temos que matizar este resultado con dúas obxeccións: a) o estudo de Sutcliffe usando a serie de datos Maddison 2001, que é a que máis países inclúe, amosa un crecemento do Gini entre os anos 1980 e 1990 e un leve descenso ata o ano 1998. Polo tanto, parece que a medida que as series son máis completas e que inclúen estimacións de países pobres ou empobrecidos, o resultado anterior esfúmase; b) excluindo a China, esta medida amosa un crecemento e, se tamén excluimos a India, o crecemento é máis pronunciado. Polo tanto, podemos afirmar que a caída na desigualdade de renda non é un resultado da economía mundial senón do uso da máis favorable combinación de medidas ao abeiro do influxo de dous grandes países.
- A distribución mundial vólvese rapidamente máis desigual cando o ingreso está medido en tipos de cambio de mercado e o expresamos en dólares EUA. Ninguén o discute. A discusión céntrase no que significa este xeito de medir as desigualdades.
- A desigualdade entre países medida en PPA creceu desde como mínimo o ano 1980 usando PIB per cápita e con igual peso de cada país (por exemplo, a China=Luxemburgo), e un coeficiente como o Gini para o total da distribución.

Non podemos afirmar, xa que logo, que se reduciu a desigualdade entre os países pois só obtemos ese resultado no caso de que sexa medida en PPA ponderando aos países pola súa poboación, e coas obxeccións que acabamos de mencionar. Como xa vimos, empregando outras metodoloxías na medición, como o uso dos tipos de cambio para realizar as comparacións ou para ponderar cada país por igual, a desigualdade aumentou.

Atendendo á distribución interna da renda dentro dos países, o feito de que, como tendencia xeral, a distribución da renda se está a tornar máis desigual é aceptado pola maioría dos autores. Destaca o feito de que este proceso se produce tanto en economías industrializadas coma en países máis pobres, aínda que hai estudos que matizan estes resultados, e nalgúns países europeos non atopan incremento da desigualdade. Porén, é á hora de enumerar as causas que provocan a dispersión da renda cando xorden as maiores discrepancias. Así, autores como Sala i Martín ou De la Dehesa fan un especial fincapé no peso que ten neste resultado o incremento das desigualdades na China ou o colapso do comunismo nos países da Europa do

leste. Cornia e Court vinculan as novas causas que xeran desigualdades ás políticas excesivamente liberais e ao xeito en que se realizaron as políticas de reformas económicas. Por outra banda, Lindert e Williamson inciden no crecemento das rexións que participan no comercio mundial fronte ás rexións que non o fan como causa do aumento das desigualdades internas nos países. Polo tanto, podemos concluír que mentres uns autores responsabilizan ao proceso de globalización, outros o exculpan. O que si podemos afirmar de xeito rotundo é que as desigualdades internas aumentaron fortemente a partir dos anos oitenta na gran maioría dos países, coincidindo coa consolidación do proceso de globalización económica.

Ao igual que na desigualdade entre países, nos estudos de desigualdade global tamén existe disparidade de resultados nas distintas comparacións debido ao uso de diferentes metodoloxías e datos. Imos resaltar o máis salientable destes estudos:

- Todos os estudos de desigualdade global que empregan o método das dúas fases obteñen o resultado de redución das desigualdades de renda. Debido ás poucas series de distribucións mundiais, case todos os estudos usan a D/S.
- As estimacións de Milanovic (2002) empregando unha metodoloxía diferente parecen amosar unha imaxe ben distinta á doutros estudos, a pesar de que non sexa posible unha comparación exacta, posto que os anos comparados non son os mesmos. O estudo de Milanovic atopa un intenso crecemento da desigualdade; non obstante, este resultado pode ser compatible cos outros estudos debido a que as diferenzas derivarían das diferentes fontes de datos usadas. Outros estudos que non seguen a metodoloxía das dúas fases, como o de Dowrick e Akmal (2003) e o de Dikhanov e Ward (2003), tamén obteñen o resultado de aumento das desigualdades.

Polo tanto, observamos claramente que o resultado depende fundamentalmente da metodoloxía empregada: a de dúas fases amosa unha redución da desigualdade mentres que, pola contra, a de Milanovic e outras que consideramos híbridas obteñen un aumento daquela. Obtemos uns resultados ambiguos, e haberá que agardar mellores fontes estatísticas para obter resultados máis concluíntes.

Podemos afirmar, xa que logo, que na actualidade non hai indicios claros de que se estea a reducir a desigualdade mundial; pola contra, existen indicios de que esta vai en aumento: todos os estudos de desigualdade que usan os tipos de cambio de mercado para a comparación de diferentes moedas apuntan a un incremento da desigualdade, e se nos referimos ás comparacións realizadas en PPA obtemos un incremento das desigualdades internas na gran maioría dos países, así como varios resultados de desigualdade entre os países e de desigualdade global que apuntan nesa dirección, como tamén o fai a última e máis completa serie de datos de renda –a Maddison 2001–, que suaviza a tendencia con respecto á anterior na desigualdade entre países. Parece que a medida que as series son máis completas e que in-

clúen países pobres, dos que é difícil obter estatísticas, esfúmanse algúns resultados que apuntaban a unha redución da desigualdade.

Se nos desprendemos do enorme peso que ten nas estatísticas mundiais un só país –A China que, por outra parte, non é un exemplo de economía liberalizada e de libre mercado nin de ter seguido as receitas do FMI–, observamos con moita máis nitidez o aumento das desigualdades globais e entre países, o que constata que o conxunto de medidas e de políticas que acompañan o proceso de liberalización da economía mundial apuntan a un efecto desigualador no planeta, con claros gañadores e perdedores.

De todos os xeitos, o debate non está pechado polo que haberá que ser cautos e prestarlles atención aos novos estudos e ás series estatísticas que aparecerán, así como á evolución da economía mundial para clarificar as controversias que aínda existen. Desta revisión despréndese que, alén dos indicios mencionados, é difícil establecer as tendencias actuais da distribución global, posto que o seu estudo depende en gran medida das diferentes fontes de datos. Así, temos que ter en conta a visión de Sutcliffe (2003, p. 33), quen afirma que, aínda considerando a actual situación de desigualdade como un feito de inxustiza masiva, non se pode negar automaticamente toda evidencia de redución de desigualdade porque isto pode debilitar a propia argumentación; ademais, é importante contar cunha perspectiva histórica que nos alerte do alto nivel de desigualdade existente, con independencia da súa evolución máis recente.

## BIBLIOGRAFÍA

- BANCO MUNDIAL: *World Development Indicators 2002*. (on line version).
- BERGESEN, A.J.; BATA, M. (2002): “Global and National Inequality: Are They Conected?”, *Journal of World-Systems Research*, núm. 8, pp. 130-144.
- BOLTHO, A.; TONIOLO, G (1999): “Assesment: The Twentieth Century – Achievements, Failures, Lessons”, *Oxford Review of Economic Policy*, vol. 15, núm. 4, (Winter), pp. 1-17.
- CORNIA, G.A.; COURT, J. (2001): *Inequality, Growth, Poverty in the Era of Liberation and Globalization*. (UNU/WIDER, Policy Brief, 4). (<http://www.wider.unu.edu/publications.htm>).
- DEHESA, G. DE LA (2000): *Comprender la globalización*. Madrid. Alianza.
- DEHESA, G. DE LA (2003): *Globalización, desigualdad y pobreza*. Madrid. Alianza.
- DIKHANOV, Y.; WARD, M. (2003): *Evolution of the Global Distribution of Income in 1970-1999*. ([www.eclac.cl/povertystatistics/documentos/dikhanov.pdf](http://www.eclac.cl/povertystatistics/documentos/dikhanov.pdf)).
- DOWRICK, S.; AKMAL, M. (2001): *Explaining Contradictory Trends in Global Income Inequality: A Tale of Two Biasses*. Australia National University, Faculty of Economics & Commerce. (<http://ecocomm.anu.edu.au/economics/staff/dowrick/dowrick.html>).
- GRADÍN, C.; RÍO, C. DEL (2001): *Desigualdad, pobreza y polarización en la distribución de la renta en Galicia*. A Coruña: Instituto de Estudios Económicos de Galicia *Pedro Barrié de la Maza*.

- IDEAS RESEARCH TEAM (2002): *Globalisation and Income Inequality: A Survey*. (www.networkideas.org).
- LINDERT, P.; WILLIAMSON, J. (2001): *Does Globalization Make the World More Unequal?*. (Working Paper, 8228). National Bureau of Economic Research.
- MILANOVIC, B. (2002): *True World Income Distribution, 1988 and 1993: First Calculation Based on Households Surveys Alone*. (<http://ideas.repec.org>).
- MORAN, T.P. (2004): *Bootstrapping the LIS: Statistical Inference and Patterns of Inequality in the Global North*. (LIS Working Paper, 378).
- RODRIK, D. (2000): *Comments on "Trade, Growth and Poverty"*. Harvard University.
- SALA I MARTIN, X. (2002): *The Disturbing "Rise" in Global Income Inequality*. (NBER Working Paper, 8904).
- SAMPEDRO, J.L. (2002): *El mercado y la globalización*. Barcelona: Destino.
- SEN, A. (2001): *La desigualdad económica*. México: Fondo de Cultura Económica.
- SMEEDING, T.M. (2002): "Globalisation, Inequality and the Rich Countries of the G-20: Evidence from the Luxembourg Income Study (LIS)", en D. Gruen, T. O'Brien e J. Lawson [ed.]: *Globalisation, Living Standards and Inequality*, pp. 179-205. Sydney: Australian Treasury.
- SUTCLIFFE, B. (2003): *A More or Less Unequal World*. (Working Paper Series, 54). Political Economy Research Institute.
- SUTCLIFFE, B. (2005): *100 imágenes de un mundo desigual*. Barcelona: Icaria.
- VENCE DEZA, X. (2005): "As desigualdades: o tendón de aquiles neoliberal", en *O fracaso neoliberal na Galiza*, pp. 63-77. Vigo: A Nosa Terra.
- WADE, R.H (2004a): "Is Globalization Reducing Poverty and Inequality?", *World Development*, vol. 32, núm. 4, pp 567-589.
- WADE, R.H (2004b): "On the Causes of Increasing World Poverty and Inequality, or why the Matthew Effect Prevails", *New Political Economy*, vol. 9, núm. 2, pp. 163-188.